


Deputación Pontevedra
Presidencia



Pontevedra, 11 de outubro de 2010

Estimado/a Sr. /Sra.,

Teño a ben poñerme en contacto con vostede para animalo a tomar parte na II edición dos Premios Provinciais do Pequeno Comercio, unha iniciativa que por segundo ano poñemos en marcha dende a Área de Comercio do Servizo de Desenvolvemento Local e Fondos Comunitarios da Deputación de Pontevedra.


Nacida coa finalidade de apoiar e impulsar o comercio de proximidade, recoñecendo, estimulando e premiando o traballo dos concellos, das asociacións e agrupacións de comerciantes en prol do sector así como a innovación, o autoemprego feminino e as boas prácticas dos empresarios particulares, dende a Deputación de Pontevedra seguimos traballando na posta en marcha de iniciativas que contribúan a modernizar, promover e darlle continuidade a un sector que fomenta o emprego, xera actividades económica, contribúe a estruturar e unir as nosas vilas e é unha das actividades fundamentais para o modelo de desenvolvemento dos municipios da provincia de Pontevedra.

Coa II Edición dos Premios Provinciais do Pequeno Comercio, dende a Deputación de Pontevedra queremos potenciar os seus valores de proximidade, atención persoal, flexibilidade e capacidade de adaptación aos tempos que estamos a vivir.

E é por isto polo que lle agradezo que dea a máxima difusión posible a esta convocatoria e así sigamos traballando a reo para que o pequeno comercio mantña o seu protagonismo na vida social e económica da provincia de Pontevedra; porque o pequeno comercio fai cidade e fai provincia.

Sen máis, reciba un afectuoso saúdo.

O PRESIDENTE,



Rafael Louzán Abal

Contacto (Área de Comercio): 986 804100 / comercio@depo.es

Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n - 36071 Pontevedra
Teléfono: +34 886 210 010 - Fax: +34 886 210 011
www.depo.es